

PROBA DE LINGUAXE MUSICAL:

A proba estará composta polos seguintes apartados:

- 1.-Lectura rítmica. Exercicios en clave de sol e fa en 4ª, que incluírán as dificultades propias do 1º curso de Grao Elemental.
- 2.-Entoación. Exercicios que incluírá as dificultades propias do 1º curso de Grao Elemental. Ditos exercicios realizaranse con acompañamento pianístico. Ao alumno/a se lle dará o acorde de tónica e a escala antes da súa realización e apoiarse co piano durante a realización.
- 3.-Ditado. En Do M, que incluírá as dificultades rítmico- melódicas propias do 1º curso de Grao Elemental.
- 4.-Teoría. Realización de exercicios de teoría cos contidos propios do curso de 1º G.E.

Criterios de avaliación

1. Ler fragmentos rítmicos na clave de sol e fa en 4a, nun tempo establecido, mantendo o pulso, executando as fórmulas rítmicas con corrección, e nomeando correctamente as notas.
2. Entoar afinadamente as melodías propostas, nomeando as notas e mantendo correctamente o pulso.
3. Recoñecer a través da audición dun fragmento rítmico- melódico, os movementos melódicos e as fórmulas rítmicas, e reproducilo graficamente con corrección.
4. Realizar con corrección os exercicios teórico- prácticos sobre os elementos rítmicos, melódicos, expresivos e formais solicitados.

1

Criterios de cualificación e promoción

Cada un dos catro apartados puntuarase de 0 a 10 puntos, debendo o alumno superar, en cada un deles, os coñecementos mínimos requiridos polo tribunal. A nota final obterase mediante a seguinte media ponderada:

1. Lectura rítmica 40%
2. Entoación 20 %
3. Ditado 20%
4. Teoría 20%

Para superar a proba, o alumno/a deberá obter unha cualificación igual ou superior a 5.

IMPORTANTE:

Todos os aspirantes deberán traer:

- **DNI** ou documento fidedigno que acredite a súa identidade.
- **Orixinais** das obras que interprete
- **Acompañamento:** No caso de que a obra a interpretar requira acompañamento, éste deberá ser aportado polo aspirante.

PROBA DE VIOLÍN

O alumno deberá levar 2 obras de libre elección, podendo escoller entre as que a continuación se citan ou outras de semellante nivel. Deberá, asemade, interpretar un fragmento a primeira vista elixido polo tribunal.

- SUZUKI – Libro 1
- CHANTS ET MORCEAUX – Libro 1.
- LE PETIT PAGANINI, E. van de Velde .

NOTA: O ALUMNO DEBERÁ VIR CON PIANISTA ACOMPAÑANTE NAS OBRAS QUE ASÍ O REQUIRAN.

Criterios de Avaliación para a Proba de Acceso de 2º de Grao Elemental:

- 1.- Correcta colocación do instrumento e do arco e coordinación de ambos os brazos conseguindo tocar con seguridade e relaxación.
- 2.- Emprego de todo o arco e dos catro dedos da man esquerda.
- 3.- Correcta afinación.
- 4.- Producción dun son de calidade.
- 5.- Interpretar fragmentos ou pezas curtas de memoria empregando os conceptos técnicos adquiridos

Criterios de cualificación

- Fidelidade á partitura, fluidez e precisión rítmica (40%)
- Estilo, expresión e fraseo (30%)
- Son e técnica (30%)

IMPORTANTE:

Todos os aspirantes deberán traer:

- **DNI** ou documento fidedigno que acredite a súa identidade.
- **Orixinais** das obras que interprete
- **Acompañamento:** No caso de que a obra a interpretar requira acompañamento, éste deberá ser aportado polo aspirante.